

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego

Resolución n.º 2017/38986 de 01/12/2017 pola que se aproba a concesión definitiva das subvencións correspondentes ao programa F0027B de fomento pesqueiro para investimentos durante o exercicio 2017

ANUNCIO

Resolución número 2017/38986 de 01/12/2017 pola que se aproba a concesión definitiva das subvencións correspondentes ao programa de fomento pesqueiro dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia para investimentos durante o exercicio 2017

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA F0027B: Convocatoria do programa de subvencións de fomento pesqueiro dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña para investimentos durante o ano 2017

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

PRIMEIRO.- Mediante resolución da Presidencia n.º 34771 de 8 de novembro de 2017, publicada no BOP do 13 de novembro de 2017 procedeuse a conceder, de forma provisional, as subvencións da convocatoria F0027B: Convocatoria do programa de subvencións de fomento pesqueiro dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña para investimentos durante o ano 2017 abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, o desistimento da solicitude, presentar solicitude de reformulación ou de cambio de obxecto da subvención, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistimento expreso, a subvención considerárase aceptada tácitamente.

SEGUNDO.- Analizada a documentación achegada polos solicitantes no devandito prazo procede dar por válida a documentación presentada polas entidades cuxa solicitude foi concedida provisionalmente condicionada á súa emenda.

Vistos os antecedentes sinalados, así como as disposicións legais de aplicación,

RESOLVO:

1º.- Aprobar a concesión das subvencións correspondentes ao programa F0027B: Convocatoria do programa de subvencións de fomento pesqueiro dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña para investimentos durante o ano 2017, seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES DE CEDEIRA NIF: G15029192 Cod. Exp.:2017000008400 Obxecto: EQUIPAMENTO, MANTEMENTO E EXPLOTACIÓN DA FÁBRICA DE XEO E LONXA DE CEDEIRA	25.000,00€	0,8000	31.250,00€
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES A POBRA DO CARAMIÑAL NIF: G15037401 Cod. Exp.:2017000009463 Obxecto: COMPRA DE VEHÍCULO PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE VIXILANCIA	6.500,99€	0,7952	8.175,29€
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES DE ESPASANTE NIF: G15034648 Cod. Exp.:2017000008482 Obxecto: RENOVACIÓN DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS DA COFRADÍA DE ESPASANTE	1.946,50€	0,8000	2.433,13€
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES SAN PEDRO SANTA E.RIVEIRA NIF: G15033087 Cod. Exp.:2017000008598 Obxecto: ARREGLO DO TELLADO DO FRIGORÍFICO DA COFRADIA DE RIVEIRA	10.098,00€	0,8000	12.622,50€
Beneficiario: POSITO DE PESCADORES DE RIANXO NIF: G15032642 Cod. Exp.:2017000008843 Obxecto: ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO TODOTERREO PARA VIXILANCIA	13.137,16€	0,8000	16.421,45€

Total concedido 56.682,65€

2º.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0510/415/781, fase A, referencia nº 22017001649, operación nº 220170034731, importe: 56.682,65€.

3º.- Publicar a presente resolución definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 4 de decembro de 2017

O Presidente

Valentín González Formoso

A Secretaria acctal.

Mª Amparo C. Taboada Gil

2017/10398